

DOMINGO 5 DA PASCUA CICLO A

PRIMEIRA Feit 6, 1-7

Escolleron sete varóns cheos do Espírito Santo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos, orixinouse un descontento dos helenistas contra os hebreos, porque se desatendía ás viúvas de fala grega no servizo diario. Entón os Doce reuniron a asemblea dos discípulos e dixeron:

- Non está ben que deixemos a palabra de Deus para nos dedicarmos ao servizo das mesas. Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes de bo creto, cheos de Espírito e sabedoría, e poñerémolos para este oficio. Nosoutros continuaremos dedicados a oración e ao servizo da palabra.

A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Felipe e Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolás, prosélito de Antioquía; presentáronllos aos apóstolos, e, despois de orar, impuxéronlles as mans.

A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos en Xerusalén.

SALMO RESPONSORIAL Sal 32, 1-2. 4-5. 18-19

R/ (22): Veña sobre nós a túa misericordia, Señor, como de ti o esperamos

Ou: Aleluia

Alegrádevos, xustos, no Señor:
aos rectos acáelles a louvanza.
Festexade ao Señor con cítolas,
tocade con arpa de dez cordas.

A palabra do Señor é recta
e todas as súas obras son leais:
El quere o dereito e a xustiza,
a súa misericordia enche a terra.

Os ollos do Señor miran polos seus fieis,
polos que esperan na súa misericordia,
para librar a súa vida da morte,
para os manter no tempo da miseria.

SEGUNDA 1 Pe 2, 4-9

Vós sodes raza escollida, sacerdocio de reis

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PEDRO APÓSTOLO**

Benqueridos irmáns e irmás:

Ao achegárvos ao Señor, pedra vivificadora -de refugallo para os homes, pero pedra escollida e aprezada aos ollos de Deus-, sede tamén vós, coma pedras vivas, parte da construción do templo espiritual: para os cultos dun sacerdocio santo e para ofrecer ofrendas espirituais, aceptables a Deus por medio de Xesús Cristo. Por iso lese na Escritura:

Ollade que eu poño en Sión unha pedra
angular, escollida e digna de honra,
de xeito que quen fíe nela, non levará desengano.

A súa honra é para vós os que credes, pero para os que non cren é a pedra que refugaron os canteiros e que se converteu en esquinal e aínda máis:

en pedra onde se tropeza, en couce onde un se esnafra.

Eles tropezan contra a Palabra, porque non lle fixeron caso: tropezar era o seu destino. Pero, en cambio, vós sodes raza escollida, sacerdocio de reis, nación santa, pobo adquirido por Deus, para pregoardes as marabillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable.

ALELUIA Xn 14, 6

Eu son o camiño, a verdade e a vida, di o Señor; ninguén ven ao Pai senón é por min

DOMINGO 5 DA PASCUA CICLO A

EVANXEO Xn 14, 1-12

Eu son o camiño e a verdade e a vida

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, teríavos dito que vos ía arranxar un lugar? E cando vaia e vos arranxe un lugar, voltarei e acollereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabedes o camiño.

Dille Tomé, un dos doce:

- Señor, se non sabemos onde vas, como imos saber o camiño?

Xesús respondeulle:

- Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min. Se me coñecerades, coñeceríades tamén a meu Pai; anque xa desde agora o coñecedes e o tedes visto.

Felipe díxolle:

- Señor, móstranos ao Pai e abóndanos.

Xesús replicoulle:

- Pero, Felipe, levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu o Pai. Como dis entón "móstranos ao Pai"? Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras. Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas mesmas obras. Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que eu fago, e faraas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai.